

Concello de Mondariz

CONVENIO REGULADOR DE SUBVENCIÓN DIRECTA A FAVOR DO MONDARIZ F.C. CON DESTINO A GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADE DEPORTIVA DO CLUBE DURANTE O EXERCICIO 2026.

REUNIDOS

Dunha parte, Don Pablo Barcia Bello, Alcalde Presidente do Concello de Mondariz, na súa representación.

Doutra parte, Don FERNANDO ESTEVEZ ALDIR con D.N.I. número 36.081.877-Y que actúa en representación do Club de Fútbol de Mondariz, con CIF G36150951.

Ambas partes se recoñecen mutua e recíprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto, e libremente na súa virtude:

EXPOÑEN

I.- O Orzamento do Concello de Mondariz para 20256 ten consignación por importe de 14.500,00 € a nivel bolsa de vinculacion 3.4 na súa partida 341 48003 para atender a financiación das actividades deportivas propias así como os gastos correntes necesarios para o funcionamento do Club de Fútbol de Mondariz, estándose ó establecido no artigo 22.2 c) da Lei 38/2003 de 17 de Novembro, Xeral de Subvencións.

II.- Ó Club de Fútbol de Mondariz elaborou unha memoria presuposto dos gastos derivados do seu funcionamento obxecto de financiación para 2026.

III.- Con data de 24/02/2026 mediante Decreto, o Alcalde - Presidente deste Concello de Mondariz resolveu conceder directamente subvención por importe de 14.500,00 € para a atención do proxecto/actividade mencionada.

IV.- O carácter singular das actividades deportivas levadas a cabo polo MONDARIZ F.C. en favor da promoción e desenvolvemento todo tipo de actividades deportivas, e entre elas ás relacionadas coa práctica do deporte como forma de vida saudable así como parte das relacións sociais e veciñais, sendo o fútbol unha das actividades sociais con maior arraigo entre a nosa veciñanza, dificulta a convocatoria pública da subvención.

V.- A concesión desta subvención se encadra no establecido no artigo 22.2 c) da Lei 38/2003 de 17 de Novembro, Xeral de Subvencións, co obxecto de favorecer e promover todo tipo de actividades deportivas, e entre elas ás relacionadas coa práctica do deporte como forma de vida saudable así como parte das relacións sociais e veciñais, sendo o fútbol unha das actividades sociais con maior arraigo entre a nosa veciñanza.

En virtude do exposto, as partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboración de conformidade coas seguintes:

ESTIPULAN

PRIMEIRA: Obxecto do convenio

É obxecto deste convenio a regulación dunha subvención directa para o financiamento dos gastos correntes derivados da promoción e desenvolvemento das actividades deportivas realizadas en pro do fomento do deporte entre os veciños de Mondariz polo MONDARIZ F. C.



Concello de Mondariz

SEGUNDA: Financiación da actividade subvencionada.

O importe da subvención do concello se eleva a 14.500,00 €.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, aínda que en ningún caso o importe total dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.

TERCEIRA: Actuación subvencionada e prazo de realización.

Se subvencionan especificamente gastos derivados da súa actividade deportiva e de funcionamento (gastos de teléfono, desprazamentos, compra e reparación de material, gastos de material de oficina e imprenta, gastos derivados da participación en competicións, etc.) e se establece como prazo de realización da actividade desde o 01.01.2026 ata 15.12.2026.

CUARTA: Obrigas do beneficiario.

Constitúen obrigas do beneficiario, e o cumprimento deberá acreditar:

- Non estar incurso nas prohibicións para obtención da condición de beneficiario do artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, e estar ó corrente das súas obrigas fiscais co concello.
- Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto ou realizar actividade subvencionada, e acreditálo conforme ó establecido na estipulación sétima deste convenio.
- Comunicar ó órgano concedente a obtención doutras subvencións ou axudas finalistas que financien as mesmas actividades subvencionada.
- Someterse ás actuacións de comprobación e seguimento da actividade e de control financeiro que puideran realizar os distintos servizos do concello.

QUINTA. Forma de pago.

O pago da subvención se realizará con carácter prepagable nun importe do 50%:

Mediante un primeiro pago anticipado por importe de 7.250,00 €, á concesión da subvención e sinatura do presente convenio, que terá a consideración de pago a conta e un segundo pago de 7.250,00 €, que se realizará unicamente, **previa xustificación dos gastos realizados para os que se concede o total da subvención** e unha vez comprobado polo órgano concedente a realización da actividade para o cal se concedeu así como o cumprimento dos demais requisitos fixados na normativa reguladora desta subvención e nas Bases de execución do orzamento municipal 2026.

O pago se realizará previa verificación polo órgano concedente do cumprimento da obriga de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nos termos previstos nos arts 10º y 11º do Regulamento de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia aprobado por el Decreto 11/2009, de 8 de enero.

SEXTA. Órgano xestor.

Ten a condición de órgano xestor desta subvención a Alcaldía deste Concello de Mondariz e todo trámite relacionado coa esta subvención sustanciárase a través do mencionado órgano xestor.



Concello de Mondariz

A xustificación da subvención aprobarase, previo informe da Intervención municipal, mediante decreto da Alcaldía.

SEPTIMA. Xustificación.

Para a xustificación das subvencións concedidas por este Concello, terase en conta o disposto no artigo 72 do Real decreto 887/2006, e se documentará baixo a modalidade de conta xustificativa.

A presentación da correspondente xustificación non deberá superar a data límite de xustificación. Transcurrido o prazo sin que se teña presentado a xustificación, se requerirá ó beneficiario para que sexa presentada no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no citado prazo comportará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro do pago anticipado e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Con data límite 15.12.2025, se presentará ó órgano xestor a **conta xustificativa da axuda**, que comprenderá a seguinte documentación:

1.- Memoria xustificativa suscrita polo beneficiario ou o seu representante, indicativa das actividades desenvoladas, do cumprimento das condicións impostas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos con identificación do acredor, do importe, data de emisión, e data de pago, no seu caso as desviacións acaecidas en relación co orzamento inicial ou estimado.

3.- Declaración suscrita polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas obtidas para mesma finalidade, ou no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que teñan financiado a actividade, con indicación de importe e procedencia.

4.- Indicación expresa de que se realizou o fin para o que foi concedida. (declaración xurada do representante da entidade).

5.- Copia dos xustificantes do gasto: Facturas orixinais de gasto, facturas electrónicas (cumprindo os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012) ou copias electrónicas de facturas orixinais en papel presentadas xunto coa declaración responsable da súa veracidade asinada electrónicamente polo interesada (art. 28.7 da LPAC). Debe acreditarse de forma fehaciente terse realizado o pago efectivo das facturas e gastos subvencionados.

6.- No caso de subvencións outorgadas a clubs federados e deportistas sen ánimo de lucro, poderase presentar como xustificante das subvencións concedidas unha certificación expedida polo secretario da federación correspondente, na que consten os pagamentos efectuados pola entidade ou deportista de que se trate, co detalle dos conceptos a que aqueles respondan. Esta forma de xustificación revestirá un carácter excepcional.

No caso dos pagamentos efectuados aos xogadores pola súa participación desinteresada nos encontros ou competicións deportivas, e como indemnización polos gastos en que incorran por tal motivo, servirá como xustificante un certificado asinado pola entidade bancaria, acreditativa de cada unha das transferencias efectuadas e dos seus destinatarios, identificados mediante o seu nome e apelidos, e o número de documento nacional de identidade.

7.- Certificado expedido polo Tesoureiro municipal de que a entidade beneficiaria está ao corrente das súas obrigas fiscais fronte ao concello.

8.- Certificacións emitidas pola Seguridade Social e pola Administración Tributaria Estatal e Autonómica conforme o beneficiario non ten débedas fiscais nin socias con estas entidades.

9.- Certificado ou documento acreditativo da representación que ostenta o perceptor da subvención.



Concello de Mondariz

10.- Declaración de non atoparse en ningún dos supostos de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de subvención ou axudas públicas, no modelo oficial aprobado ó efecto, de acordo co artigo 3 da lei 38/2003 Xeral de Subvencións, e estar ó corrente das súas obrigas fiscais co concello.

11.- Publicidade da financiación de carácter público dos programas, actividades, inversións ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención. Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada ou patrocinada polo Excmo. Concello de Mondariz.

OCTAVA. Reintegro.

Procederá o reintegro da subvención conforme ó disposto no Título II da Lei 38/2003 de 17 de Novembro Xeral de Subvencións.

NOVENA. Duración do convenio.

O presente convenio entrará en vigor ó día seguinte da súa sinatura e producirá efectos ata que se teña realizado a actividade subvencionada e xustificado a súa financiación.

O anterior sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores que puideran proceder, e das obrigas que como contratante incumban o beneficiario, así como o deber de conservación de documentos que lle impón a vixente lexislación.

DECIMA. Natureza do convenio e lexislación aplicable.

Este convenio ten natureza xurídico administrativa.

No non previsto neste convenio será de aplicación a Lei 38/2003 d 17 de Novembro, Xeral de Subvencións, e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006 de 21 de Xullo, así como a Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

As cuestións litixiosas que xurdan en aplicación do presente convenio serán resoltas en vía administrativa polo órgano competente, e no seu caso, ante a xurisdición contencioso - administrativa.

En proba de conformidade, se asina o presente convenio dixitalmente na data indicada ó marxe.

Polo concello

Polo Club de Fútbol de Mondariz

O Alcalde

Asdo. X. Pablo Barcia Bello

Asdo: D. Fernando Estévez Aldir



C/ Merouces, 16. Mondariz. 36870. Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
e-mail: info@mondariz.gal

